



Concello de Meaño

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da Unidade Técnica para a valoración das ofertas e proposta de adxudicación presentadas para a contratación do servizo “Ludoconcilia Meaño no verán: somos iguais-corresponsabilidade 2024”.

Expediente: 270/2024.

Publicada, o día 14 de maio de 2024, no perfil do contratante do Concello de Meaño, integrado na plataforma de Contratos Públicos de Galicia (ID 822583), e na páxina Web do Concello de Meaño a convocatoria de licitación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, varios criterios de adxudicación, da contratación do servizo “Ludoconcilia Meaño no verán: somos iguais-corresponsabilidade 2024”, cun prazo de presentación de ofertas de 10 días hábiles contados a partires do seguinte ao da inserción do anuncio de licitación no perfil do contratante en virtude do Prego de Cláusulas administrativas particulares que rexe nesta adxudicación.

Rematado o prazo de presentación de ofertas o día 30 de maio de 2024 ás 10:00 horas, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, RESOLVE:

1º Convocar aos membros da unidade técnica, integrada polo Alcalde D. Carlos Viéitez Fernández, a secretaria-interventora D^a Beatriz López de Castro García, a informadora xuvenil D^a Cristina M^a García González e a administrativa D^a Trinidad Lorenzo Lema, para a apertura e valoración das proposicións presentadas na devandita convocatoria, para as 12:30 horas do día 3 de xuño de 2024, na Casa Consistorial de Meaño.

2º Publicar a presente convocatoria na plataforma de Contratos Públicos de Galicia e na páxina Web do Concello de Meaño.

Mandao e asinao o alcalde, na data indicada no marxe, do que como secretaria interventora accidental da corporación dou fe para os exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo.

Documento asinado electronicamente

